

ACTA DA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 6 DE OUTUBRO DE 2011

Sres. Asistentes :

ALCALDE-PRESIDENTE

D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ

CONCELLEIROS

DONA MARTA RODRÍGUEZ ARIAS
D. MANUEL A. TARRÍO FERNÁNDEZ
DONA ROCIO ANA LLOVO DEL RÍO
D. LUIS GARRIGOS VILLALBA
DONA MARÍA ELENA SUÁREZ SARMIENTO
D. ANTONIO CARBALLO BRIANES
D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ
DONA FLORA M^a A. RODRIGUEZ BARREIRO
D. JOSÉ MANUEL PARDAL GARCÍA
D. MANUEL RODRÍGUEZ CUERVO
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA SUSANA CAMIÑO PÉREZ
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. XOSÉ CASTRO RATÓN
DONA ANA I. LORENZO FRAGA
D. XURXO C. ABUÍN RODRÍGUEZ
D. JUAN M. FAJARDO RECOUSO
D. RAMÓN BUENO PIÑEIRO
D. JOSÉ LUIS RIVERA MALLO

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA CARMEN GÓMEZ OTERO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as trece horas do día 6 de outubro de 2011, baixo a Presidencia de D. TOMÁS JAVIER FOLE DÍAZ, e coa asistencia da Secretaria DONA ROSA LOSADA SUÁREZ, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Extraordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día do seguinte xeito:

1.- Toma en consideración, e adopción de acordos, ante escrito presentado no Concello pola Xunta de Persoal ó respecto da desaparición da área sanitaria do Salnés.

Declaración institucional en contra da desaparición da área sanitaria propia, e reclamación do inicio inmediato das obras de mellora do Hospital Comarcal do Salnés, comprometidas pola Xunta de Galicia.

Apoio da Corporación Municipal a manifestación convocada para o 7 de Outubro en defensa da area sanitaria propia, e en solicitude das melloras necesarias para o noso hospital.

Aberta a sesión, polo Sr. Alcalde explícase que, a primeira sesión plenaria obedece a unha convocatoria asinada por oito concelleiros da oposición que solicitan a súa celebración antes do 7 de outubro pola manifestación contra a área sanitaria.

A segunda sesión e convocada a instancias do Grupo de Goberno, xa que no Pleno Ordinario se retirou este asunto e tráese agora para tramitarse da maneira máis áxil posible o préstamo ICO para pagar a provedores.

No primeiro caso puido tratarse no Pleno Ordinario e o segundo foi retirado e o Grupo de Goberno aproveita a convocatoria para tratar este tema e propón non percibir indemnizacións por asistencias, tanto á Comisión Informativa como aos Plenos e así o farán os Concelleiros do PP que non as percibirán.

O montante total do custe dos Plenos de hoxe e Comisión Informativa está preto dos 6.000 € sendo prescindible.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que ten un elevado custe as sesións en tempo de crise e non de crisis, e entende que do salario do Sr. Alcalde e Concelleiras Liberadas se lles debe retirar este importe.

- O Sr. Alcalde accede á petición.

Continúa o Sr. Fajardo Recouso dicindo que a Xunta de Voceiros solicitou o 26 de xullo tratar este tema, e nese tempo saen dous Decretos da Xunta de Galicia. A Xunta de Persoal solicita autonomía e independencia.

O Hospital nace cativo pero ao longo do tempo ten tres plans funcionais importantes que non se levaron a cabo. Hai un área sanitaria do Salnés por que D. Manuel Fraga a creou. Dende que se construíu ata hoxe pasaron 10 anos e non houbo investimentos no Hospital do Salnés.

A Plataforma defende a Área Sanitaria, pero non se puxo na orde do día un escrito de 26 de xullo de 2011. O apoio que se está encontrando é unánime, contundente polo que propón a Xunta de Persoal á cidadanía. A terceira planta está infrautilizada, tan só funcionan 20 camas. Dende o Grupo de EU expúxose que os 6 Alcaldes teñen que estar coa xente. Hai unha data para a manifestación e din ao Grupo de Goberno que debe participar nesta manifestación.

O escrito da Xunta de Persoal está sendo unánime e o Grupo de EU insiste na invitación ao PP a manifestarse e esixir a retirada do Decreto.

As urxencias, a UCI e os quirófanos son a prioridade e logo tamén cumprir os compromisos da ampliación do Hospital.

- O Sr. Castro Ratón di que o BNG renuncia igual que en agosto a percibir a asistencia por estes plenos e pregunta ¿Por que esta convocatoria?. Porque desde a Alcaldía negouse o dereito a incluír no Pleno Ordinario un escrito da Xunta de Persoal do Hospital. Hoxe non está aquí o voceiro dos asinantes do escrito para intervir. Queda xustificada a convocatoria solicitada e ampárase no dereito dos cidadáns e eles están defendendo o dereito dos cidadáns.

O PP quere eliminar a Área Sanitaria do Salnés aínda que de momento non se fixo, e debese presionar dende a rúa ás autoridades sanitarias, e a iniciativa popular no seu día adoptou o acordo de crear a área sanitaria e iso implica un hospital de referencia. Esa Área sanitaria non foi ben dixerida, era o modelo do Sr. Romay Becaría. Na Área Sanitaria construíuse un hospital e pertence a unha Fundación e hai un goberno compartido na Xunta de Galicia que o integra no SERGAS e dissolve a Fundación. Hoxe queremos esquecer a elaboración dun plan estratéxico e funcional que implicaba a construción dun edificio complementario. No 2009 gobernaba o PP e impediu ese investimento en Vilagarcía de Arousa.

Os usuarios da sanidade en Vilagarcía queremos igualdade cos restantes cidadáns e unha sanidade á altura do que precisamos. Non se iniciaron os investimentos dous anos despois, e aparecen compromisos peculiares e atípicos para quirófanos e urxencias.

Parece que hai un litixio sobre unha parte dos terreos ofrecidos polo Concello e non se realiza o investimento. Isto foi algo desconcertante e búscanse uns terreos en Vilanova de Arousa. Seguramente se faga a obra pero séguense sufrindo atrasos no investimento de 12.000.000 €.

En Monte Carrasco faise un negocio privado moi apetitoso. A lexislatura está case rematada e crease un Ente de Coordinación que lle da menos capacidade ao equipo humano do Salnés e predomina o Complexo Hospitalario de Pontevedra, pero en Monforte en cambio se mantén a Área Sanitaria.

Estase recorrendo ao financiamento privado. É unha hipoteca de futuro a conta do Capítulo de Gastos Xerais e os recursos para o Hospital do Salnés serán cada vez mais escasos.

O PP ten que poñerse a fronte da pancarta, o Alcalde debe cambiar o paso, D. Juan A. Garrido defendeu os intereses de Vilagarcía antes que os do partido. Sería bo un acordo unánime neste tema.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que hai interese político por non incluír no Pleno Ordinario o tema do Hospital e no tema do ICO non escoitou aos grupos da oposición no primeiro momento.

Os membros do Grupo Político do PSdeG-PSOE renuncian ás asistencias a estes Plenos e pide que se deduza ao Alcalde e Concelleiras Liberadas as retribucións correspondentes. O PP nunca quixo o Hospital do Salnés e custoulle o cargo de Deputado ao Sr. Garrido. Este Hospital naceu pequeno e o Bipartito construíu a 3ª planta, e o PP a ten infrautilizada. No verán derivaban aos pacientes ao Hospital Domínguez e a 3ª planta pechada. O PP está intentando privatizar a sanidade.

Hai promesas de ampliación do hospital incumplidas dende o ano 2009, e non se reflicte nos Orzamentos da Xunta de Galicia. Os profesionais do Salnés manifestan no escrito de xullo de 2011 a súa preocupación.

Solicita que se derroque o Decreto e que acuda o Goberno do PP á manifestación. O Grupo Municipal do PSdeG-PSOE pide que se aprobe por unanimidade o escrito da Xunta de Persoal, que se derroque o Decreto e que se inicien as obras de ampliación do Hospital.

- Intervén o Sr. Rivera Mallo dicindo que renuncia ás retribucións dos Plenos de hoxe.

Indica que pretende non repetirse no que se dixo. Pode que non sexa imparcial neste asunto, pero debe manifestarse en función dos datos que posúe.

Por un lado estará sempre cos intereses dos veciños, que procurará defender como sempre fixo, con coherencia.

Do outro, porque como humano, a tendencia é sempre a favor da parte que ofrece diálogo, información, consenso... e isto é o que ofreceu o persoal sanitario do Hospital do Salnés e os Sindicatos.

Non pode opinar o mesmo da outra parte, da do Concello. Cando o día 27 de xullo recibiu o escrito que a través do rexistro municipal lle enviou a Xunta de Persoal da Área Sanitaria do Salnés, e ao coñecer o seu criterio púxose inmediatamente en contacto coa Concelleira de Sanidade, para coñecer tamén a súa opinión, pero lle dixo que iso o levaba persoalmente Dona Marta Rodríguez, e que esta informaría con carácter inmediato. Pero despois de dous meses e medio, continúa esperando, sen recibir ningunha información, nin sequera unha simple chamada.

A súa opinión é que a xestión integrada de Pontevedra e o Salnés supón un paso atrás, pode que definitivo, para os veciños de Vilagarcía, e en xeral, da comarca, porque pasamos a integrarnos na Área Sanitaria de Pontevedra, co que se priva dunha atención sanitaria total, integral, coas implicacións que elo trae apareladas para os cidadáns do Salnés. Entre elas, o risco de que as actuais deficiencias se incrementen notablemente.

Por outra parte, se manteñen outras Áreas Sanitarias con menor poboación que esta e con un número de atencións tamén inferior á do Salnés.

En canto á tan esperada ampliación, as xestións para a dotación de solo estánse levando a cabo por un Alcalde da Comarca, espera que culminen con éxito. Pero as obras hai que executalas, e pregúntase para cando e con que proxecto.

De igual forma que urxe a xestión do Centro de Saúde e pregunta para cando e onde...

En canto a servizos, persoal, instalacións..., o Hospital do Salnés sofre un déficit importante, chega con comparar os ratios con outros de Galicia, en canto ao número de camas, quirófanos, facultativos, persoal sanitario non facultativo, etc..., en función do número de habitantes da Área e das atencións levadas a cabo.

Por iso faise necesaria a ampliación tantas veces e tan xustamente demandada, ampliando tamén o número de camas, de quirófanos, urxencias, persoal facultativo e non facultativo, etc., co fin de reducir as listas de espera e mellorar as dotacións orzamentarias, aínda en tempos de crise económica.

A saúde e o benestar dos cidadáns non ten prezo.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que a oposición no mes de setembro formulara tratar por urxencia o tema do Hospital e logo non o fixeron, polo que forzaron trasladar o debate do hospital a outro día, por que o tema dese Pleno Ordinario de setembro era o préstamo ICO.

Indica que se mantiveron reunións dende o Goberno Local cos responsables sanitarios sobre o tema da Área Sanitaria.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que hai probas para demostrar que están manipulando e politizando a Plataforma. A Xunta de Galicia non elimina a Área Sanitaria e pregunta onde está a Declaración Institucional que ían a presentar neste Pleno PSdeG-POSE, BNG e EU.

Di que o Grupo de Goberno non ten amarras con ninguén e non van a defender a ninguén, e queren denunciar que moitos Concelleiros desta Corporación levan unha campaña de engano á cidadanía. A xente se lles pide que participen na manifestación por que a Xunta de Galicia vai a pechar o Hospital do Salnés, que van a derivar aos enfermos ao Hospital de Pontevedra.

É unha grave irresponsabilidade política dicir iso.

Indica que se ten que recoñecer fallos na Xunta de Galicia os recoñecerá. Cando aínda non tomaran posesión responsabilizouse aos Concelleiros do PP de dismantelar o Hospital do Salnés. Estase enganando á xente e mentindo. A xestión integrada non implica que o Hospital do Salnés se converta nun Ambulatorio.

Dende que o PP está na Xunta de Galicia esta é a cuarta manifestación.

Co bipartito na Xunta de Galicia concelleiros dicían que extinguían a Plataforma por que non había nada que reivindicar, por que todo funcionaba perfecto, coincidindo coa peor situación da sanidade na comarca.

Cando o PP toma posesión na Xunta de Galicia activouse de novo a plataforma porque preocúpalles a asistencia sanitaria.

O Sr. Castro Ratón dixo que o bipartito fixo un plan estratéxico e había 12.000.000 € para facer as obras. O BNG e o PSdeG-PSOE gobernaron en Vilagarcía e gustaríalle saber que fixeron por mellorar a sanidade en Vilagarcía dende o Goberno Municipal.

Hai que reclamar á Xunta de Galicia o retraso na ampliación, é certo, pero o PP de Vilagarcía, segundo a oposición, con 100 días de goberno son culpables do déficit municipal e de todo. O PSdeG-PSOE baralla levar ao Xulgado a integración da Área Sanitaria do Salnés e debe ler o programa electoral das anteriores eleccións autonómicas de 2009, que contemplaba a xestión integrada das áreas sanitarias e no 2008 aprobaron unha Lei de Sanidade en Galicia nesa dirección. O que din agora é unha incoherencia e pregunta por que cambiaron de opinión.

O Deputado do PSdeG-PSOE de Vilagarcía presentou varias iniciativas sanitarias e as retirou por que sabe os antecedentes del como Deputado na anterior etapa da Xunta de Galicia.

Agora queren saír á rúa cunha pancarta, pero se están preocupados porque nunca pediron entrevistas coa Conselleira de Sanidade como mínimo, e nunca se sentaron coa anterior nin coa actual Conselleira de Sanidade.

Esta nova fórmula de xestión vai a ser boa para o Hospital do Salnés e o PP así o entende, pois vaise a aplicar a mais hospitais comarcais e vai a mellorar os servizos que se prestan neste momento. Consideran que o importante é reclamar que se mellore a calidade asistencial, que se amplíe o Hospital do Salnés e iso é o que reclaman agora e antes, e se é prexudicial esa nova área plantarán cara ante a Consellería. Antes non se reclamou á Xunta de Galicia o que correspondía a Vilagarcía e o Grupo de Goberno actual reclamará o que faga falta e non é de recibo utilizar politicamente a sanidade enganando á cidadanía para sacarlle rédito político.

- Intervén o Sr. Bueno Piñeiro dicindo que había un interese político en facer coincidir o préstamo ICO co tema do Hospital. A declaración institucional está clara na petición da Xunta de Persoal e EU vaina a apoiar.

O seu Grupo foi coherente co bipartito e co PP defendendo o hospital. A Sra. Rodríguez Arias non falou nada do Decreto. A Xunta de Persoal deixa clara a dependencia de Pontevedra, desaparece a Área Sanitaria do Salnés, non haberá capacidade de xestión, o PP vai a un modelo de xestión público-privado. Na plataforma fálase da reivindicación da Xunta de Persoal. A cidadanía sabe pensar. Hai dous decretos. Os cidadáns saben que non hai un cardiólogo no Hospital e quitan a capacidade de decisión á Área Sanitaria do Salnés.

O PP engana á cidadanía e aposta por unha sanidade privada.

- Intervén o Sr. Castro Ratón dicindo que o Sr. Fole leva 100 días e aínda non ten o rol de Alcalde. Non incluíu este asunto no pleno ordinario anterior. A voceira do Grupo de Goberno mente e engana e o BNG ten razóns para saír á rúa. A plataforma é algo amplo e o PP pode entrar na Plataforma e dilles que se pasen ao camiño correcto.

En canto ás relacións coa Consellería, citounos no seu día a Conselleira de Sanidade en Santiago e a reunión foi con dous xefes de servizo. Ese plan funcional correspondería ao Goberno do PP materializalo.

Para viraxe política a da Sra. Rodríguez Arias, comparando as intervencións de antes coas de agora.

Hai dous acordos: Escrito da Xunta de Persoal e manifestación e pódese redactar de común acordo a declaración institucional.

Invita ao Sr. Alcalde á mobilización e a encabezar a manifestación. É lícito e urxente que a cidadanía presione á Xunta de Galicia para as obras de ampliación e se modifique a xestión integrada.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que pode que non teña o rol de Alcalde, pero o Sr. Castro non ten o rol de oposición. A plataforma está moi politizada.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o que se está facendo en Galicia e o que se fai en Madrid coa sanidade. O que se trae aquí é unha reivindicación dos facultativos.

En 2008 a Sra. Rodríguez Arias dixo que se reducían os investimentos en sanidade pero como o PP cando gobernaba non quería investir no Hospital do Salnés este fíxose pequeno e o bipartito ampliou a terceira planta, que está infrautilizada. A Xunta de Galicia incumpre as promesas, non investiron no Hospital do Salnés, invisten en Monte Carrasco.

Pide que lles digan unha xestión do PP local ante a Xunta de Galicia para defender o Hospital do Salnés. Os socialistas fixeron a terceira planta e as circunvalacións en Vilagarcía.

- Intervén a Sra. Rodríguez Arias dicindo que lle sorprenden as palabras da Voceira do PSdeG-PSOE, pois se defenderan os dereitos dos cidadáns non estarían na oposición. Fixo máis este Goberno en 100 días polo Hospital do Salnés e a súa ampliación que o PSdeG-PSOE en catro anos.

O PP puxo enriba da mesa os terreos para o Hospital. Hai un documento público. Nunca houbo tantos desvíos á sanidade privada como na época do Bipartito.

Máis aló da pancarta hai vida. O PP fará as cousas dende o Goberno sen poñerse atrás da pancarta.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non vai a ir á manifestación, vai a ir á Consellería e a onde faga falta. Hai xente que xa antes non ía ás manifestacións e non comparte a manifestación. Hai cousas nas que poden coincidir coa Xunta de Persoal e en outras non e marcan a diferenza.

Sometido a votación de forma separada os tres apartados incluídos da orde do día que acompañaba a convocatoria, dá o seguinte resultado:

1º.- Toma en consideración, e adopción de acordos, ante escrito presentado no Concello pola Xunta de Persoal ó respecto da desaparición da área sanitaria do Salnés.

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3), EU (2) e IVIL (1), e dez abstencións, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (10)

ACÓRDASE: Apoiar o escrito da Xunta de Persoal da Área Sanitaria do Salnés e:

- Recabar dos organismos sanitarios e autoridades competentes as actuacións e compromisos necesarios de cara a paralizar ese proxecto de integración da Área Sanitaria do Salnés en Pontevedra-Norte, dotando á Área Sanitaria do Salnés das condicións para unha xestión integral dos recursos sanitarios do seu ámbito e deseñando un plan de desenvolvemento cronoloxicamente definido para esta Área e o seu Hospital, unha dotación orzamentaria, de infraestruturas asistenciais e recursos materiais e de persoal, acordos coas necesidades da poboación, ata acadar os mesmos niveis doutras áreas da rede sanitaria.

- Facultar ao Sr. Alcalde ou Concelleiro/a en quen delegue para que solicite unha entrevista coa Conselleira de Sanidade a fin de transmitirle a inquedanza e a preocupación das institucións, das forzas sociais e dos cidadáns deste Concello en relación co futuro da Área Sanitaria do Salnés.

2º.- Declaración institucional en contra da desaparición da área sanitaria propia, e reclamación do inicio inmediato das obras de mellora do Hospital Comarcal do Salnés, comprometidas pola Xunta de Galicia.

Acórdase retirar o asunto citado co compromiso de manter unha reunión os voceiros dos grupos políticos municipais co fin de redactar unha declaración institucional.

3º.- Apoio da Corporación Municipal a manifestación convocada para o 7 de Outubro en defensa da área sanitaria propia, e en solicitude das melloras necesarias para o noso hospital.

VOTACIÓN.- Con once votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE (5), BNG (3), EU (2) e IVIL (1), e dez votos en contra, pertencentes ós membros do grupo político municipal do PP (10)

ACÓRDASE: Apoiar a manifestación convocada para o 7 de outubro de 2011 en defensa da área sanitaria propia e en solicitude das melloras necesarias para o noso hospital.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde, levántase a sesión, sendo as quince horas, da que se estende a presente acta, e eu como Secretaria dou fe.